Biblioteca da Cátedra Rosalía de Castro
Vol. 1

CARTAS DE ALEJANDRA MURGUÍA DE CASTRO A ÁNGELA SANTAMARINA (1916-1925)

Edición ao coidado de
DOLORES VILAVEDRA

Prólogo de
XESÚS ALONSO MONTERO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CARTAS DE ALEJANDRA MURGUÍA DE CASTRO A ÁNGELA SANTAMARINA (1916-1925)

Biblioteca da
Cátedra
Rosalía de Castro
Vol. **1**

COLECCIÓN DIRIXIDA POR

María do Cebreiro Rábade Villar

Fernando Cabo Aseguinolaza

COMITÉ EDITORIAL

Catherine Davies (University College London)

Kathleen N. March (University of Maine)

Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo, Real Academia Galega)

Olivia Rodríguez González (Universidade da Coruña)

CARTAS DE ALEJANDRA MURGUÍA DE CASTRO A ÁNGELA SANTAMARINA (1916-1925)

Edición ao coidado de
DOLORES VILAVEDRA

Prólogo de
XESÚS ALONSO MONTERO

MMXXVI
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl

© Universidade de Santiago de Compostela, 2026

DESEÑO DA COLECCIÓN E MAQUETAXE
Paula Cantero | www.origamiestudio.com

EDITA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

DOI: https://dx.doi.org/10.15304/rc.2026.1984

ÍNDICE

07 NOTA PRELIMINAR
Fernando Cabo Aseguinolaza
e María do Cebreiro Rábade Villar

11 PRÓLOGO
Unhas breves observacións sobre este epistolario e a súa edición
Xesús Alonso Montero

19 INTRODUCIÓN
Dolores Vilavedra

36 EPISTOLARIO

134 ANEXO

137 BIBLIOGRAFÍA CITADA

NOTA PRELIMINAR

Xa nos anos setenta do pasado século, ao abeiro das investigacións desenvolvidas como froito dunha bolsa da Fundación Barrié de la Maza, oportunamente tituladas *Apuntes para unha bio-bibliografía documentada de Rosalía de Castro*, Fermín Bouza Brey (2015) recoñecía a importancia de esclarecer as relacións familiares dos Murguía-Castro á hora de ampliar o coñecemento sobre a vida e a obra da escritora. É unha consideración que o profesor Alonso Montero reitera no seu limiar a esta edición e que se volve exacta mesmo cando os episodios documentados —tal é o caso das cartas de Alejandra Murguía á Ángela Santamarina— tiveron lugar logo da morte de Rosalía de Castro.

Dende os estudos literarios estase a desenvolver unha atención crecente ao impacto que, na consideración da vida e da obra dun determinado autor, ten a construción da súa posteridade. Porque a miúdo é esa posteridade (e non tanto o que aconteceu ou non aconteceu en vida) o elemento que determina o funcionamento social desa figura literaria.

No caso de Rosalía de Castro, o coidado na preservación e divulgación social dos seus arquivos familiares semella especialmente necesario dado o estado precario e lacunar dos documentos que dan fe do seu relativamente breve paso pola terra. Mais tamén porque moitos aspectos da biografía rosaliana, e da súa posteridade, seguen a ser obxecto de discusión crítica. Un exemplo nidio atopámolo nos problemas que rodearon a venda de parte da biblioteca do casal Murguía-Castro, polémica abordada nun artigo recente de Xosé L. Axeitos (2024), e que, como ben subliña na súa introdución Dolores Vilavedra, editora do epistolario, atopan nestas cartas datos que, desde os estudos históricos, filolóxicos e literarios, se deberán ter dende agora moi en conta.

E podemos reparar tamén, a este respecto, nun intre verdadeiramente crucial deste epistolario. Referímonos á evocación que Alejandra Murguía de Castro fai da agonía da escritora, escena na que introduce a Manuel Murguía. A pasaxe semella cuestionar a concepción hoxe dominante sobre ese intre, alomenos dende a canónica biografía murguiana de Xosé Ramón Barreiro Fernández (2012), que situaría o home da autora lonxe do leito de morte de Rosalía de Castro, mais que ten asemade unha fonda raizame nas crónicas coetáneas sobre o pasamento da escritora. A entrada de Murguía na evocación que, sobre ese decisivo momento, construíu Alejandra Murguía ante a súa benfeitora e parente Ángela Santamarina podería tratarse, dende logo, dun aceno de amor filial ou dunha confirmación da consabida veciñanza entre a memoria e a imaxinación. Porén, o decisivo, neste caso, quizais non

sexa decidir entre os testemuños discrepantes, partindo dunha concepción estritamente factualista do real, senón amosar o carácter sempre mediado do noso acceso ao pasado persoal e literario. Porque sabemos que, se é certo que as cartas achegan sempre un coñecemento de primeira man para reconstruír o horizonte histórico de quen as escribe —o de Alejandra Murguía de Castro, neste caso, e tamén o da posteridade de súa nai—, non cumpriría esquecer que todo epistolario implica un exercicio de auto-construción orientado a un propósito que, na relación entre as correspondentes, está ademais moi mediado pola necesidade económica.

Estas cartas da primoxénita do matrimonio Murguía-Castro, escritas no arco histórico que se estende entre os preliminares da Revolución Rusa e a ditadura de Primo de Rivera, son un testemuño moi elocuente da pervivencia dun legado familiar construído no século XIX e que aínda nos interpela. Agradecemos, con carácter tristemente póstumo, a Xesús Alonso Montero as palabras que abren esta obra, que se contan entre as derradeiras que puido escribir en vida, e a Dolores Vilavedra o estudo preliminar e o dilixente traballo de edición que fixo posible o volume. Á Fundación Santamarina-Temes non só a cesión editorial do material epistolar que tan coidadosamente custodia Ángeles Fernández Pérez, senón o permiso para reproducir algunhas das fotografías que ilustran esta edición. E a Lena Fachal, Alén Touza, Cristina Barreiro e Marta Seoane, estudantes en prácticas da Cátedra Rosalía de Castro, o compromiso e eficacia co que acometeron o labor orientado de supervisión e cotexo dos manuscritos e a súa colaboración na anotación do texto.

A publicación deste epistolario constitúe, por outra parte, un ilusionante inicio para a Biblioteca da Cátedra Rosalía de Castro, que esperamos consolidar sen moita demora. Agradecemos, en consecuencia, o labor desinteresado das persoas mencionadas, que o fixeron posible, así como o apoio á Catedra, non só da Universidade de Santiago, senón de institucións como o Parlamento de Galicia e a Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia.

Fernando Cabo Aseguinolaza
e María do Cebreiro Rábade Villar

Directores da Cátedra Rosalía de Castro da
Universidade de Santiago de Compostela

PRÓLOGO

UNHAS BREVES OBSERVACIÓNS SOBRE ESTE EPISTOLARIO E A SÚA EDICIÓN

XESÚS ALONSO MONTERO

I

Hai un ano e catro meses chegaron ás miñas mans as páxinas deste epistolario: as cartas escritas por Alejandra, a filla maior de Rosalía de Castro e de don Manuel Murguía, entre marzo de 1916 e xaneiro de 1925. A insospeitable destinataria era Ángela Santamarina Alduncín, a quen, aínda hoxe, chaman «doña Angelita» na cidade de Ourense. Eu debo recoñecer que a lectura deste máis de medio centenar de cartas constituíu naquela data —unha noite sen durmir— unha das maiores ledicias da miña biografía bibliográfica.

Teño á miña beira os dez folios de anotacións manuscritas que fun facendo mentres, naquela noite, ía lendo as noticias, as reflexións e as confidencias que Alejandra ía estampando sobre seu pai, xa moi vello e con non poucos achaques, e tamén

sobre a familia, sobre certas institucións e sobre o medio no que a autora e os seus achegados se movían. Tamén debo recoñecer que eu agardaba algunhas noticias concretas sobre Rosalía de Castro, a teima —lexítima— de tantos e tantos rosaliófilos, moi conscientes todos de que aínda existen lagoas notables na biografía da Cantora, malia os transcendentais achados, nos últimos anos, de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, tidos en conta, co debido criterio, pola profesora María Xesús Lama (2017) no primeiro tomo da súa monografía, o único publicado.

Finalizada a lectura, comprobei que, neste epistolario de Alejandra, as noticias ou as reflexións sobre súa nai eran escasas e de moi pouca relevancia. Aínda así, o rosalianismo, hoxe, coa exhumación destas cartas, está de noraboa, pois no epistolario, alén das exiguas referencias á escritora abundan as páxinas que nos permiten coñecer mellor o carácter e certas vicisitudes da familia, nomeadamente as referidas a don Manuel Murguía, xa daquela o Patriarca, e á propia autora. Eu penso que, do que se trata, por parte dos estudosos, é de ir asediando a vida e a personalidade espiritual de Rosalía de Castro, neste caso, mentres non aparezan textos e documentos máis persoais, valéndonos de páxinas que nos falan do marco familiar da escritora, o que, dalgún xeito, nos achega un pouco máis á vida e ó carácter dela.

Por iso, a publicación destas valiosísimas cartas reclamaba un estudo introdutorio como o realizado, neste primeira edición, pola profesora Dolores Vilavedra. Neste estudo, reforzado coas pertinentes notas aclaratorias, a autora examina, con criterio e a debida erudición, canto de valioso e útil nos ofrecen páxinas, ás veces, tan singulares. Interesan, dun xeito especial, no

estudo da profesora Vilavedra, as noticias e observacións sobre o escritor Antonio Rey Soto, moi presente no epistolario, e os datos que nos ofrece sobre a destinataria das cartas, sobre «doña Angelita», curiosa filántropa no Ourense da primeira metade do século XX. Exerceu, moi xenerosa, a súa filantropía, entre 1916 e 1925, con don Manuel Murguía e as súas fillas, sobre todo nos momentos nos que a familia non recibía —ou recibía tarde e mal— as asignacións económicas prometidas ao Patriarca por determinadas institucións de Galicia ou da Galicia Emigrante (A Habana, Bos Aires). Estamos, en realidade ante o calvario económico que caracterizou, nestas e noutras datas, o fogar de don Manuel Murguía. Sobre estes e outros aspectos cómpre ler as esclarecedoras páxinas do presente estudo introdutorio.

II

Xa dixen que hai un ano e catro meses chegaron ás miñas mans estas cartas de Alejandra Murguía de Castro (as fotocopias), obrantes na Fundación Santamarina-Temes (Ourense), institución cuxo rico patrimonio artístico e documental coñece moi ben a bibliotecaria ourensá Ángeles Fernández, a quen eu debo importantes axudas profesionais na época en que dirixiu, con dedicación e entusiasmo, a biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Sei que Ángeles leva anos estudando a fondo este valioso patrimonio co obxecto de facer, canto antes, unha mostra que, na miña opinión, vai admirar e sorprender a cantos en Galicia se interesen pola pintura, o mobiliario, os traxes e os distintos obxectos artísticos existentes nas mansións das

familias ilustradas e ricas (un dato, verdadeiramente elocuente: entre os cadros de pintores ilustres, hai dous, moi valiosos, de Sorolla).

Pois ben, Ángeles, sempre moi atenta ós fondos documentais e literarios, atopou o presente epistolario, que, decontado, xulgou moi importante, e tivo a xentileza de poñelo nas miñas mans para editalo. Aclaroume axiña que se trataba de algo de moita valía, e eu non tardei en comunicarlle que, como conxunto textual rosaliano (se se me permite a expresión), era, en realidade, un pequeno tesouro. Ángeles, cada vez máis entusiasmada co seu achado, comunicou á Fundación a necesidade de exhumar tal tesouro epistolar e que ela se poría en contacto con quen asumise esta responsabilidade. Ángeles Fernández, que é muller xestionadora, non tardou en solicitar do presidente do «Patronato Santo Ángel de la Fundación Santamarina de Temes», don David de León Rey, a autorización.

> Al profesor D. Xesús Alonso Montero para que proceda al estudio y, en su caso, publicación [...] de los documentos epistolares que obran en los fondos de esta Fundación dirigidos por D.ª Alejandra Murguía a la fundadora D.ª Ángela Santamarina [...]
>
> Ourense, 27 de junio de 2024

Dada a importancia dos «documentos epistolares», eu «procedín», sen saírme do espírito do texto da autorización, a poñer nas mans dunha coñecida rosalióloga, a catedrática de Literatura Galega Dolores Vilavedra, o referido epistolario. Eu agradezo *ex corde* a xenerosidade da ilustre Fundación ourensá, e debo engadir que non só estou agradecido á acollida da

profesora Vilavedra, senón tamén á Cátedra Rosalía de Castro da universidade compostelá por estrear a súa xeira de publicacións con este volume, feito que tamén satisfará á xenerosa Fundación de Ourense.

III

Impresionan, neste epistolario, algunhas das páxinas nas que Alejandra relata o deterioro físico (e psíquico, ás veces) de seu pai, do Patriarca, que, por se fose pouco, depende economicamente, en moi boa parte, de axudas, máis ou menos oficiais, que ou non chegan ou chegan tarde e mal. A súa abnegada filla leva con resignación os achaques e as teimas de seu pai. Con resignación, pero non sen queixa cando se trata de comentar o desleixo dalgunha institución á hora de cumprir cos compromisos económicos contraídos: «[…] después de trabajar toda la vida por su tierra» (carta 28). A profesora Vilavedra detense acertadamente nas penurias que sufriu don Manuel Murguía nos últimos anos.

Xa aquí, non podo evitar a cita dun texto de Azorín, escrito en 1912, cando don Manuel tiña 79 anos:

> Hace algunos años, el marido de Rosalía de Castro, este don Manuel Murguía, tan culto, tan afable, vino a Madrid. Pretendía algo a que tenía estricto derecho y en que se ampararía en su vejez. Era un viejecito limpio, callado y escrupuloso, un viejecito con un anticuado sombrero de copa, una levita corta, un bigote largo y una romántica perilla. Anduvo el viejecito de un ministerio en otro.

> Se pasó quince días subiendo escaleras y esperando en las antesalas. Le ponían la mano afablemente en el hombro y le sonreían, pero no le despachaban lo que pedía en justicia. Al fin, este viejecito —el compañero de uno de los más altos poetas españoles contemporáneos— guardó un día su levita raída, puso en una caja su sombrero de copa anticuado y se marchó a su tierra, entristecido, lleno de desconsuelo.

Este parágrafo procede de «Rosalía de Castro», artigo que Azorín publicou en *La Vanguardia* (Barcelona) o 9 de xullo de 1912 e que incorporou, un ano despois, ó seu libro *Clásicos y modernos* (Madrid, Renacimiento).

IV

O presente volume contén un anexo no que a editora, Dolores Vilavedra, nos ofrece unha carta (fragmentaria e sen data) na que Alejandra Murguía se dirixe a outra persoa, ó escritor Antonio Rey Soto (1879-1960), no seu tempo, autor teatral, na liña de Eduardo Marquina, de certo éxito, que fixo episódicas incursións na lírica en galego. Capelán durante anos no fogar de Ángela Santamarina, a musa da maledicencia ourensá chegou a suxerir que o sacerdote literato tivera relacións pouco castas con «doña Angelita». Algo imposible de crer se nos atemos a non poucas cartas deste epistolario, que transpiran unha relixiosidade e un concepto das cousas incompatibles coa rexouba dos mentideiros ourensáns. Si é certo que a relación de amizade foi forte e que Rey Soto, bibliófilo de vocación, adquiriu

libros moi caros dos séculos XV, XVI e XVII mercé á xenerosidade económica da suá freguesa, admiradora e amiga. Por iso, a biblioteca de Rey Soto, dende hai moitos anos no mosteiro dos mercedarios de Poio, é unha das grandes bibliotecas galegas. No ano 2011 publiquei un estudo no que abordo a súa personalidade de bibliógrafo e bibliófilo: «Dos grandes bibliófilos gallegos del siglo XX: Antonio Rey Soto (1879-1960) y Fermín Penzol (1911-1981)», no volume *Bibliofilia y nacionalismo*.

Na carta —fragmentaria e indatada— hai unhas liñas sorprendentes sobre un capítulo moi importante na vida de Rosalía:

> Solo añadiré que [mi madre] no estaba siempre enferma ni deformada, como dice [Augusto Gónzalez] Besada: un poco ancha, efecto de haber traído a este mundo siete hijos y tenido cinco abortos, que no me parece poco, pero nada más.

O día en que lin, abraiado, a noticia dos cinco abortos, chamei axiña á profesora María Xesús Lama, a meticulosa biógrafa, e púxenme a escribir, para *La Voz de Galicia*, un artigo breve no que me limitaba a reproducir a inesperada noticia e a enfatizar a importancia do dato para os futuros biógrafos (Alonso Montero 2024).

Á vista da suxerinte noticia, propoño a Dolores Vilavedra e ó gremio de investigadores rosalianos que examinen con lupa os fondos arquivísticos de Rey Soto no mosteiro de Poio á procura doutras cartas de Alejandra nas que, moi probablemente, ofrecerá novas biográficas sobre Rosalía, xa que o erudito sacerdote estaba a preparar unha «conferencia» sobre a Cantora e, loxicamente, solicitaría datos sobre ela.

Sexa como for, chegou a hora de interesarse pola biografía literaria de Alejandra, xa iniciada con acerto por Patricia Carballal Miñán (2021) no seu artigo «Unhas liñas para Alejandra Murguía. Algúns aspectos sobre o seu papel de compiladora de literatura de tradición oral e artista», publicado en *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*. Nos traballos do futuro haberá que poñer o acento na Alejandra compiladora do noso cancioneiro da tradición oral, xénero tan presente no acontecer intelectual de seus pais: en Rosalía, como creadora, e en Murguía, como estudoso. Nese labor, a filla de tales pais xa tiña, aos vinte anos, unha certa autonomía. Arredor de 1880 xa enviaba «cantares gallegos» por ela recolleitos a aquel asombroso colector da musa popular chamado Francisco Rodríguez Marín, o compilador e anotador da obra, en cinco volumes, *Cantos populares españoles* (1883).

Quizais o ilustre erudito andaluz tiña relación epistolar con Manuel Murguía, pero a quen agradece o envío de coplas galegas de tradición oral é «a la señorita Alejandra Murguía».

Tamén conviría, no próximo futuro, procurar outras cartas de Alejandra para completar o seu perfil literario. As que hoxe se exhuman revelan que non era unha epistológrafa desdeñable.

Só me resta felicitar, de novo, á profesora Dolores Vilavedra, que con tanto xeito intelectual edita e ilustra este importantísimo documento rosaliano, e non debo omitir os parabéns á Cátedra Rosalía de Castro da Universidade de Santiago de Compostela, que se inaugura, editorialmente, con este volume.

INTRODUCIÓN

DOLORES VILAVEDRA

ESTE EPISTOLARIO VE HOXE A LUZ grazas á xenerosidade de varias persoas e institucións. En primeiro lugar, grazas á profesional e afectuosa atención que Ángeles Fernández, coidadora da Colección Santamarina, lle prestou a este corpus, conservado nunhas condición idóneas que nos permiten arestora acceder a el. Sen a perspicacia bibliófila de Ángeles Fernández moi posiblemente as palabras de Alejandra Murguía non terían chegado a nós, como parte do patrimonio da Fundación Santamarina-Temes, que posibilitou que este conxunto epistolar se faga público. Ao profesor Xesús Alonso Montero, que sabe ben da miña querenza pola edición epistolar, agradézolle a confianza depositada en min ao delegarme a responsabilidade de transcribir e comentar estas páxinas. E á Cátedra Rosalía de Castro da USC, a xenerosa acollida que lle prestou ao proxecto, que ten a honra de inaugurar a Biblioteca da Cátedra Rosalía de Castro da Universidade de Santiago de Compostela.

Este epistolario unidireccional[1] permite reconstruír e entender o vínculo amical entre dúas mulleres singulares: Ángela Santamarina Alduncín e Alejandra Murguía de Castro. Cada unha delas foino, máis alá da particularidade inherente a todo ser humano, por razóns diferentes. As cartas, asinadas sempre pola súa autora na Coruña, inícianse en marzo de 1916 e rematan en xaneiro de 1925, sen que saibamos ben o motivo, aínda que podemos barallar —a modo de hipótese— algunha explicación, como a intensa dedicación da marquesa ao seu Asilo, unha vez inaugurado nese mesmo ano.

Ángela Santamarina Alduncín chegou a ser marquesa de Atalaya Bermeja (título que adquiriu en 1924) e condesa del Valle de Oselle (sobre a consecución deste, *vid.* carta 24). Nada en Tandil (Arxentina) en 1862 (contaba logo con case 60 anos cando se inicia este epistolario), no seo dunha familia ourensá que gozou dunha óptima situación económica, grazas ao patrimonio acadado na emigración polo pai, Ramón Santamarina[2]. Ángela criouse (tras o pasamento da súa nai cando ela contaba só tres anos) coa súa tía paterna Dolores, radicada dende o

[1] Non temos constancia de que se conserven as cartas de Angelita a Alejandra, polo que este volume só recolle as desta a aquela. Certamente, sería ben interesante poñer en diálogo ambos conxuntos epistolares, algo que a día de hoxe non resulta, lamentablemente, posible.

[2] A vida de Ramón Santamarina, criado nun orfanato santiagués tras o suicidio de seu pai e o pasamento da súa nai, asombra por todas as peripecias pasadas, tras fuxir, sendo aínda moi novo, nun barco a Arxentina ata chegar a converterse nun dos grandes terratenentes do país. Unha síntese da súa traxectoria social e empresarial pódese atopar en *Patrón de estancias. Ramón Santamarina: una biografía de fortuna y poder en la Pampa* de Andrea Reguera (2006).

berce en España, constantemente aludida nas cartas e a quen coidou ata a fin dos seus días. Casou con Isidoro Temes, fidalgo que lle daría una posición notable na boa sociedade ourensá e que finou en 1918 (*vid.* ao respecto a carta do 11 de xullo de 1918). Con eses vimbios económicos e sociais, Ángela teceu unha ampla rede de actividades filantrópicas e artísticas de carácter moi diverso; por exemplo, grazas ao mecenado da marquesa, o Seminario de Estudos Galegos publicou os dous primeiros volumes dos seus *Arquivos* e, segundo Mato (2010), «aínda nos anos 30, os seus donativos anuais de 300 pesetas. só eran superados polas Deputacións e o Ministerio de Instrución». Este epistolario permitiranos seguirlle a pista ao que foi, de certo, o seu gran legado á cidade ourensá: o Asilo del Santo Ángel[3], aludido en varias ocasión ao longo destas páxinas e que, malia a súa denominación, estaba destinado a ser un centro de acollida e formación para nenas sen recursos.

Alejandra foi a filla primoxénita do matrimonio entre o historiador Manuel Martínez-Murguía e a escritora Rosalía de Castro, posiblemente as dúas figuras máis sobranceiras, por distintos motivos, da historia contemporánea de Galicia. Nada en Santiago o 12 de xuño de 1859, Alejandra estivo sempre moi unida a súa nai e, tras o pasamento desta, a seu pai, a quen acompañou en viaxes de traballo, con quen viviu e a quen coidou ata o seu pasamento, tal e como amosan as cartas. As obrigas familiares que Alejandra tivo que asumir, tras finar a súa nai en 1885, fanaron unha prometedora carreira artística e

[3] Hoxe reconvertido en colexio concertado e mixto, o proxecto inicial de Ángela Santamarina está dirixido pola orde das Relixiosas Calasancias.

mesmo o matrimonio de Alejandra co avogado e intelectual santiagués Joaquín Arias Sanjurjo[4], matrimonio ao que ela 'renunciou' presionada por seu pai, para que non deixase de exercer a función de coidadora das irmás. Cando o epistolario comeza, en 1916, Alejandra é xa unha muller maior para os estándares da época e, ao longo das cartas, imos vendo como a súa saúde empeora e como empeza a preocuparse por como organizar os seus últimos anos de vida. Nestas páxinas queda xa pouco daquelas inquedanzas artísticas xuvenís, substituídas agora por unha relixiosidade case obsesiva, cuestión esta sobre a que teremos ocasión de volver. Malia todo isto, estas cartas permítennos recoñecer en Alejandra unha notable personalidade e, por momentos, agroman nelas alustres dunha simpatía retranqueira que tamén se lle atribuía a súa nai e que non dubida en expresar ironicamente ou botando man do refraneiro popular.

Dúas figuras masculinas aparecen nun segundo plano, mais resultan imprescindibles para entendermos cabalmente este epistolario. Refírome ás de Manuel Murguía (1833-1923) e Antonio Rey Soto (1879-1966). Empecemos por achegarnos a este brillante sacerdote e escritor ourensán, quen, pouco despois da súa ordenación, foi contratado como capelán de Isidoro Temes e da súa dona, Ángela Santamarina. Co matrimonio mantivo un vencello moi estreito, case filial, viaxando con eles por España

[4] Nado en 1860 na capital, Arias Sanjurjo licenciouse en dereito na Universidade de Santiago, aínda que a súa principal ocupación foi política. Foi deputado, vicepresidente do comité republicano, concelleiro e tenente de alcalde en Compostela. Segundo Barreiro, Arias Sanjurjo «morreu solteiro no 1946 [...]» falando «pestes de Murguía, ao que sempre acusaba de entorpecer o seu matrimonio».

e Europa e recibindo o seu apoio tanto na súa faceta literaria coma de bibliófilo, chegando a reunir, grazas ao mecenado da parella, unha valiosísima biblioteca, que hoxe se conserva no mosteiro de Poio. O vencello con Ángela estreitouse tras enviuvar e, de feito, González (2023, p. 21) faise eco de que nos cenáculos artísticos ourensáns insinuábase «que a relación de Rey Soto coa aristócrata ía máis aló da súa condición de hóspede e capelán» e de que, tras o pasamento de Isidoro, mesmo empezaran a circular rumores e coplas populares «facéndose eco da tensión amorosa entre o capelán e a marquesa viúva, xa que conviven baixo o mesmo teito». Sexa coma for, González fornece argumentos e textos cos que concluír que «unha análise polo miúdo dos seus escritos [os de Rey Soto] e poemas permítenos intuír a existencia dunha relación especial entre ambos —sublimada ou carnal— no decurso das súas vidas e tamén sospeitada explicitamente polos seus contemporáneos» (2023, pp. 25-6).

É nese contexto onde cómpre interpretar as insistentes apelacións á resignación que Alejandra lle dirixe a Angelita a partir de 1920, aproximadamente, e que, na miña opinión, poden deberse á mágoa experimentada por esta ao ir constatando o progresivo afastamento de Antonio, se cadra movido pola vontade de liberarse da influencia da súa protectora e de voar só. O certo é que en 1917 o sacerdote, que xa era ben coñecido e aclamado como poeta, estreaba con éxito varias pezas teatrais en Madrid e Barcelona. O ano 1920 semella un punto de inflexión na proxección pública da súa figura: ten 41 anos, móvese con xeito nos ambientes de ocio da capital, a onde viaxa constantemente, e nese ano é nomeado capelán de honra do rei e ingresa (xunto con Cabanillas) como membro da RAG, nun

solemne acto celebrado en Mondariz. Algunhas fontes atribúen a unha crise persoal a súpeta decisión que, a finais dese ano crucial, Rey Soto toma de marchar a América (*vid.* nota 29); outras, ao seu espírito inquedo; de feito, Alejandra di na carta 24: «Mucho nos ha sorprendido marcha tan repentina, pero como estos hombres de talento suelen sufrir ventoleras, no me sorprende nada». Sexa como for, o epistolario amosa de esguello a evolución da relación entre Angelita e Rey Soto, así como a abrupta ruptura dos seus vínculos laborais e persoais e, polo mesmo, a do sacerdote con Alejandra, unha relación na que, para ela, pesaría máis a súa lealdade cara á amiga que a amizade entre Rey Soto e Murguía, quen foi un dos promotores do seu xa mentado nomeamento como membro da RAG en 1920 (se ben Rey Soto non lería o seu discurso de ingreso ata 1940).

A partida do sacerdote para Cuba, o 13 de marzo de 1921, supuxo un arrefriamento tan radical da relación entre Angelita e quen fora o seu protexido que, nos quince meses que durou este primeiro periplo americano de Antonio, non mantiveron ningún tipo de contacto epistolar, algo do que Angelita se lamenta de forma reiterada nas cartas a Alejandra. Malia non ter máis ca uns obxectivos culturais vagos e confusos —González cualifícaa agudamente como «unha fuxida cara adiante» (2023,[5] p. 35)—, esta primeira estadía cubana de Rey Soto desenvolveuse nunhas condicións de auténtico luxo, para o que eran os estándares ha-

[5] Esta primeira xira americana levouno tamén a México, Nova York e Bos Aires. Segundo González, foi nos nevados días neoiorquinos cando agromou nel unha teima por se converter en cineasta que acabaría sendo «obsesión compulsiva» (2023, p. 60).

bituais na comunidade galega da illa, o que orixinaría críticas por parte dos sectores máis progresistas, escandalizados pola dilapidación que rodeaba a vida do escritor, tal e como se pode apreciar na carta 26. Todo iso pode estar tamén detrás da carta que o bispo da Habana lle enviaría, no verán de 1922, a Florencio Cerviño, bispo de Ourense, e á marquesa, carta na que se cualificaba Rey Soto como filomasón, «depravado e pervertido» (González 2023, p. 64). Ante acusacións tales, a ruptura con Angelita faise —se non o era xa— definitiva.

Que fixo Rey Soto durante eses meses —máis dun ano— que van do seu retorno a Galicia en agosto de 1922 ata que volve marchar a América en outubro de 1923? Pois participar na creación dunha empresa produtora de cinema, Celta Films, cuxa acta de constitución leva data do 5 de agosto de 1922 (*vid.* González 2023, pp. 201-202) e cuxo primeiro proxecto foi *Un viaje a través de Galicia y Asturias*[6]. Rey Soto, director artístico de Celta Films, foi a alma deste filme, destinado a ser estreado en Cuba e posteriormente noutros países americanos. Iso foi o que tivo a Antonio tan atafegado eses meses en Galicia, viaxando dun lado para outro para filmar distintos lugares do país, tal e como testemuña de xeito indirecto este epistolario (*vid.* carta 37). Efectivamente, as cartas amósannos unha desconcertada Alejandra, que seguramente non sabería en que enredos andaría metido «o poeta» (tal e como ela lle chamaba), de aí a súa sorpresa ante tanto ir e vir. A pormenorizada

[6] A día de hoxe só se conserva o traballo literario cinematográfico, sen a plasmación fílmica. A escaleta de *Un viaje a traves de Galicia y Asturias* pódese consultar en Folgar de la Calle (1991) e en Gonzalez (2023: pp. 205-223).

escaleta do devandito filme, reproducida por González (2023, pp. 205-223), avala esta miña hipótese, pois os lugares aos que Alejandra alude, un pouco ao chou, foron de certo visitados e filmados por Rey Soto, quen tamén quixo filmar («impresionar» ou «retratar», como di Alejandra, coa linguaxe daquel tempo) a Murguía na Coruña, tal e como se pode deducir da carta 34. Efectivamente, nesta longa estadía en Galicia entre 1922 e 1923, Rey Soto visitou a Alejandra e a súa familia (*vid*. carta 34), pero non a Angelita, e volvería a América sen despedirse de ningunha delas (*vid*. carta 47).

Esta segunda viaxe americana do sacerdote-cineasta, que na súa mente ía ser unha sucesión de aclamadas estreas do filme, resultou un sonoro fracaso. As razóns son de diversa índole pero, entre elas, debeu ser determinante o boicot ao traballo de Rey Soto promovido polo seu vello inimigo, o bispo da Habana. Só a protección benévola e xenerosa do bispo de Camagüey, o galego Enrique Pérez Serantes, rescatou a Rey Soto do afundimento económico e emocional, conseguíndolle diferentes cargos relixiosos, primeiro en Cuba e despois en Guatemala, en cuxa universidade chegou a ser nomeado Catedrático de Literatura en 1927.

Para González, a causa dos sete anos de autoexilio americano emprendido por Rey Soto non é outra que a «crise persoal e existencial de características cósmicas» (2023: p. 12) desencadeada polo rotundo fracaso da súa faceta cinematográfica, que con tanta paixón desenvolvera. A partir de entón, «Rey Soto deixou de ser unha estrela rutilante do firmamento mediático de Galicia abruptamente e xa nunca volvería a ser o mesmo» (2023: p. 12). O sacerdote retornou a Galicia en febreiro de 1931, dando por definitivamente finalizada a súa

etapa americana e retomando a relación coa condesa. En 1956, finada Angelita, Rey Soto retirouse —xunto coa súa magnífica biblioteca— ao mosteiro de Poio.

Ata que punto todo ese cúmulo de emocións encontradas que se albiscan nas cartas da condesa, deducibles das manifestacións compasivas de Alejandra, pode deberse á ruptura ou debilitamento do vínculo, case materno-filial, que mantivera con Rey Soto, ou ata que punto Angelita tiña algún outro tipo de relación co sacerdote e poeta é difícil de saber, máis alá da rumoroloxía. Sexa como for, no relativo a este asunto, pode resultar comprensible o desencanto da condesa ante o afastamento de Antonio, pero enténdense menos —de non mediar entre ambos un vencello máis complexo e íntimo— o sentimento de culpa que torturaba a unha muller tan xenerosa e vital como Angelita, sentimento reiterado ao longo do epistolario e que Alejandra tenta contrarrestar con apelacións constantes á resignación cristiá e á misericordia divina.

Non é este o lugar para entrarmos en detalles biográficos de Manuel Murguía, pai de Alejandra, mais certamente o epistolario deita luz sobre determinadas circunstancias da súa vida e sobre certos trazos da súa personalidade aínda non ben coñecidos. Neste senso, a visión da filla achega unha perspectiva novidosa, por próxima e desmitificada, pois, se ben é certo que a ollada de Alejandra pode estar embafada polo amor filial, tamén o é que, para ela, Murguía era, sobre todo, seu pai, e non a figura emblemática na que o converteron certos sectores do galeguismo da época. Verbo desta cuestión, é ben significativa a ironía coa que a filla alude, na carta 23, ao cualificativo que ao pai se lle apuña de «patriarca».

En relación a Murguía, o epistolario amosa tres principais bloques temáticos de interese. O primeiro, a precariedade económica que marcou de xeito implacable os últimos anos da súa vida, unha precariedade que non constituía ningunha novidade para os membros da súa familia, afeitos de sempre a ela, pero que, se cadra, agardarían non ter que padecer cando o historiador era xa una figura insigne, seguramente merecente doutro recoñecemento, non só intelectual ou simbólico, senón tamén material. Sabemos por Barreiro (2012: p. 700) que, por non chegar a reunir os 20 anos de cotización que se precisaban para percibir a pensión de xubilación do corpo estatal de arquiveiros e bibliotecarios ao que pertencera, Murguía quedou sen dereito a ela. A súa supervivencia cotiá dependía de apoios como a subvención por un importe de 50 pesos (*vid.* nota 30) que o Centro Gallego de La Habana lle asignara xa en 1905 e que cobraba con moitas dificultades e retrasos; ou os 8.000 reais anuais que lle pagaba a Deputación da Coruña polo posto vitalicio de director do arquivo e a biblioteca da institución, que ocupara interinamente primeiro en 1908 e despois, dende 1911, coa praza en propiedade.

Outro núcleo temático de singular interese é o da biblioteca privada do historiador. Barreiro (2012: pp. 859-871), na súa tentativa de reconstruír o destino *post-mortem* da biblioteca de Murguía, remite a algúns artigos publicados por Lesta Meis na prensa galega en 1924, nos que denunciaba que a biblioteca e o arquivo do historiador estaban a ser malvendidos en Madrid. Neses artigos, Lesta aludía a unha oferta de adquisición do fondo por parte da marquesa del Valle de Oselle, a destinataria destas cartas, ofrecemento que —sempre segundo Lesta— non

fora atendido pola familia, e acusaba á RAG de despreocuparse do legado do seu fundador e primeiro presidente. Barreiro desbota esta información e interpreta a denuncia de Lesta no contexto das tirapuxas polo poder no seo da institución, mais o certo é que as cartas de Alejandra amosan que Lesta non ía tan desencamiñado, que non ía tan desencamiñado, é máis, que a familia no só aceptou de bo grao a oferta da marquesa, senón que fixo todo o posible para que se materializase, sen dúbida urxida pola necesidade económica. Foi Angelita quen, sen deixar de exercer de sostén económico da familia Murguía cando se lle pedía, non amosou un excesivo celo en facerse cargo dun corpus bibliográfico e documental que Pedro Izquierdo, esposo de Gala, someteu a unha primeira catalogación co obxectivo de taxalo. Ao longo deste epistolario iremos vendo o desenvolvemento desta tentativa de venda que progresou ata o punto de chegar a buscar taxadores profesionais axeitados, tentativa que parece ficou inconclusa por parte da marquesa. Por outra banda, semella que o acordo verbal que puidese haber con ela non debeu ser atranco para que a familia (ou, máis exactamente, Pedro Izquierdo, nas súas viaxes a Madrid) vendese puntualmente algunha obra antiga ou singular, de resultas da precariedade que as fillas padecían tras a morte de Murguía (*vid.* Barreiro p. 861) e ante a parálise da marquesa á hora de pechar de vez a compra.

O certo é que no epistolario non se albisca que, transcorridos os primeiros anos do pasamento de Murguía, a RAG fixese ningunha manifestación de interese en adquirir o legado bibliográfico de quen fora o seu primeiro presidente, un legado que finalmente remataría (incompleto) nos fondos da institución á

que chegou por medio de Juan Naya, arquiveiro e bibliotecario da RAG. Naya, como é sabido, estivo sempre moi vencellado a Gala, tras ser, de mozo, alumno de Pedro Izquierdo. Pola contra, se atendemos á información que fornece este epistolario, todo semella apuntar a que a vontade das fillas, polo menos inicialmente, era que a biblioteca de Murguía, ou boa parte dela, fose parar ás mans de Ángela Santamarina a cambio dunha compensación económica.

Xa nun plano máis persoal, a relación de Murguía coas fillas podería cualificarse, dende a sensibilidade actual, como case tiránica, e debe entenderse no marco dos vencellos paterno-filiais daquel tempo, que daban por suposto que, nunha familia como a Murguía-Castro algunha filla ficaría solteira para coidar dos seus proxenitores; tocoulle a Alejandra mirar por seu pai. Murguía non debeu ser un enfermo fácil de atender, pois Alejandra quéixase en reiteradas ocasión da súa resistencia a coidar a dieta ou deixar o tabaco, da súa teima en acudir decote ao café, o que implicaba que algunha das fillas o tivese que acompañar, e da alteración dos ciclos do sono que padecía, que o levaba a perturbar os de toda a familia, alleo ás molestias que nela estaba a causar. Todo isto non é incompatible, naturalmente, co gran cariño filial que a filla lle profesaba, mesturado cunha evidente admiración intelectual.

Todo o antedito pode dar a impresión de que o epistolario das dúas amigas, Angelita e Alejandra, xira arredor destes dous homes —Murguía e Rey Soto—, tan importantes nas súas vidas, mais non é así. As cartas son una fiestra aberta á intimidade de dúas mulleres do seu tempo, con moitos intereses comúns, mais tamén con grandes diferenzas no relativo á

súas respectivas posicións económicas e sociais. Neste senso, son curiosas as informacións sobre cuestións de intendencia doméstica (como cociñar un bo caldo ou os prezos das tinturerías) e, en xeral, do desenvolvemento da vida cotiá. Nas cartas asoman de esguello os achaques e enfermidades das persoas anciás que ambas teñen ao seu coidado, os traballos para coidalas (hai comentarios ben interesantes relativos á hixiene e alimentación, por exemplo), mais tamén a pegada que o implacable paso do tempo vai deixando en ambas amigas, especialmente en Alejandra, cuxa saúde acusaba os moitos sacrificios feitos decote ao longo de tantos anos.

Un alicerce fundamental desta amizade foi, sen dúbida, a fonda relixiosidade que ambas profesaban e que determinaba, dun xeito radical, tanto a súa visión do mundo como o seu día a día. Obviamente, todo isto resulta moi evidente no caso de Alejandra como autora das cartas, mais non hai dúbida de que a destinataria destas —Angelita— está na mesma sintonía. Na miña opinión, a fe católica na que ambas se apoiaban decote para enfrontar os problemas e desgustos, resultou para Alejandra un mecanismo de alienación vital, ao inocularlle unha vontade de sacrificio e resignación paralizante.

Naturalmente, a cuestión relixiosa vese ademais, no caso de Alejandra e Angelita, atravesada polo vector de xénero, que alimentaba o estereotipo do ideal de muller católica. A observancia da estrita moral católica explica o pudor co que no epistolario se abordan cuestións relacionadas coa sexualidade, apenas entrevista en certas referencias, como as da carta 29 á noite de vodas de Gala ou ao embarazo desta. Mesmo as lecturas dunha muller formada como Alejandra parecen, no epistolario,

limitadas pola cuestión relixiosa, estando o Kempis e algún xornal católico entre as súas preferencias.

Máis alá destas cuestións de fondo, as cartas amosan ata que punto a vivencia pública da fe articulaba a vida social de mulleres como Alejandra, as súas irmás e a propia Angelita, aínda que as viaxes e actividades filantrópicas e sociais desta foron, sen dúbida, moito máis ricas. A relixión mesmo organizaba o paso do tempo nunha sorte de calendario paralelo pautado polo santoral, polas festividades relixiosas, polas obrigas e a mobilidade que todo isto orixinaba: visitar distintas igrexas, conventos e capelas da Coruña en datas sinaladas constituía unha forma particular de socialización para mulleres que, como Alejandra, gozaban dunha certa posición social.

Non sobran nesta introdución algúns comentarios en relación á figura de Rosalía de Castro, tal e como se albisca a través destas cartas. A nai de Alejandra morrera en 1885, cando a súa filla maior pasaba xa dos vinte e cinco anos. Na etapa vital que abrangue este epistolario, Rosalía é para Alejandra unha lembranza constante, que evoca no día da súa onomástica ou do seu cabodano, e que moi posiblemente alimenta a súa devoción mariana e o cálido afecto que constantemente manifesta por Dolores, a tía de Angelita que criara a esta, un vínculo materno-filial ao que Alejandra alude con evidente saudade. Non sorprende logo que, cando se refire ao matrimonio da escritora con Murguía, a filla alimente o mito da «perfecta casada» cristiá, e de feito, na carta 4 fálalle a Angelita do ideal feminino da «perfecta cristiana». Mais, certamente, a nova máis relevante que nos achega Alejandra neste conxunto epistolar é a dos cinco abortos que ela afirma padeceu súa nai.

Non debía ser ningún segredo familiar, pois ela coméntallo con naturalidade a Rey Soto na carta na que se ofrece como cabo destas páxinas. O dato convídanos a revisar certos aspectos da biografía rosaliana, como, por exemplo, a cronoloxía dos seus partos; sempre sorprendeu un tanto os nove anos que mediaron entre o nacemento de Alejandra en 1859 e o de Aura en 1868. Permite tamén, quizais, interpretar determinados textos dende outra óptica e, outra volta, alértanos sobre os silencios e lagoas que pexaron a construción da súa figura autorial.

O epistolario facilita achegarnos, un tanto de esguello, á Rosalía escritora, especialmente no relativo á xestión póstuma da súa obra por parte de Murguía e ao interese de distintas editoriais en tela no seu catálogo. A información fornecida por Alejandra sobre as cifras manexadas en concepto de dereitos pola edición da obra completa rosaliana constitúen uns datos valiosísimos por infrecuentes sobre o funcionamento do mercado editorial daqueles anos.

Para pórlle o ramo a esta introdución, un breve comentario relativo ao pano de man (de seda e encaixe de Bruxelas, tal e como consta no inventario da colección Santamarina) que fora propiedade de Rosalía e que unha das fillas da escritora (¿Alejandra?, ¿Gala?) lle agasallou a Angelita, cuxa reprodución fotográfica se ofrece a continuación. O pano chegou a nós na caixiña de cristal de roca con pomo de prata que o acompaña e é testemuña silente de moitos afectos. En primeiro lugar, do agarimo que toda a familia Murguía de Castro lle profesaba a Angelita, quen, como sabemos, tanta axuda lle prestou ante certas dificultades económicas; axuda que, seguramente, a familia quererría agradecer co detalle do pano. O certo é que todo

Pano que, segundo se indica na nota manuscrita que o acompaña, pertenceu a Rosalía de Castro e foi regalado por unha das súas fillas á condesa do Valle de Oselle, Ángela Santamarina. É propiedade da Fundación Santamarina-Temes. Fotografía de Mark Ritchie: www.markritchiefotografo.com

o epistolario desprende un aire de trato familiar entre Alejandra e Angelita, ao que mesmo se alude veladamente nalgunha ocasión. Efectivamente, o avó de Angelita foi José García Santamarina Varela, irmán de Segunda García Santamarina, quen estaba casada cun dos tíos de Rosalía, José María. Lama (2017: 34 e ss.) describe e argumenta a estreita convivencia da nai de Rosalía con este irmán maior e, en xeral, pinta un cadro de intensos vencellos familiares nos que Rosalía e as súas fillas estarían moi implicadas. De aí que, moi posiblemente, Angelita e Alejandra tivesen moi presente ese parentesco, quizais afastado *de iure*, mais que *de facto* as achegaba, máis alá da intensa amizade que as unía; mesmo non sería raro que de noviñas cadrasen nalgunha ocasión nas concorridas xuntanzas familiares que reunían as distintas pólas familiares dos Castro. E, derivada de todas estas consideracións, unha derradeira: o agasallo do pano foi un xesto privado, a un tempo humilde e orgulloso, dunhas fillas que non terían moito que ofrecer, máis ca ese anaquiño da vida privada dunha muller, insigne escritora, pese a que elas manifestaran que súa nai era «de las que no tienen historia», como di Alejandra na carta a Rey Soto que se recolle no anexo final deste volume. Niso, afortunadamente, non acertaron.

EPISTOLARIO

CARTA 1: 6 DE MARZO DO 1916

Contestada[7]

Sra. D.ª Ángela Santamarina, Sra. de Temes
La Coruña, marzo 6, 1916

Querida Angelita:

Sin contestación a mi última, pensaba haberte escrito antes para preguntarte si estabas enferma, o lo estaba Dolores, pero por desgracia no me fue posible hacerlo por haberme puesto mala teniendo

[7] Cando se reproduce esta expresión, no orixinal a caligrafía é distinta á da carta, e a tinta empregada, máis escura; obviamente, hai que atribuírlla á man de Angelita, que iría, así, deixando constancia das cartas de Alejandra que respondía.

que guardar cama, efecto de la muchísima sangre que se me soltó por las narices y que me dejó tan débil que casi no veo para escribir. Pues, además de las pérdidas sufridas, he tenido que estar a dieta y, como la cama consume a uno, todo se me juntó. Ahora gracias a Dios ya voy comiendo de todo y me repongo algo, y así que se ponga mejor el tiempo, pienso dar unos paseítos, con lo cual volverá la normalidad.

¿Y tú? ¿Cómo estás de ánimo? El día de tu santo[8] me acordé mucho de ti, pero lo pasé en cama, así como el mío, que fue el 26 de febrero, cosa que no fue obstáculo para que rezase por todos y pidiese al Señor te dé la resignación que tanto y tanto precisas.

No escribo más porque me fatigo. Tú no dejes de escribir y decir cómo estáis tú y Dolores. Papá, gracias al Cielo, va mejorando, pero aún no está bien.

Recibe un saludo afectuoso en su nombre, mil cariños de mis hermanas y un fuerte abrazo para Dolores y para ti de tu siempre
Alejandra
Saluda al poeta[9].

---

